

# UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS

2003-2013 ...



# 1 FAI DEZ ANOS (CÓMO NACEU A UNIDADE PASTORAL)

## 2 ONDE ESTAMOS E QUE FOMOS FACENDO?

### A COMUNIDADE QUE VIVE A COMUÑÓN

- + Comunidade que vive a comuñón
- + Diocesaneidade
- + Identidade común
- + Gratuidade de servizos e Fondo Común d'Os Cotos
- + A folla parroquial mensual
- + A Festa Patronal d'Os Cotos (15 de agosto)
- + Celebracións da fe conxuntas
- + Camiños compartidos a Santiago, á Franqueira

### B COMUNIDADE QUE ANUNCIA A PALABRA

- Catequese de nenos
- Catequese de mozos
- Catequese de adultos
- Novenas
- Formación para adoradores nocturnos
- Homilías

### C COMUNIDADE QUE CELEBRA

- + Criterios comúns
- + Celebracións da fe
  - VIXILIA PASCUAL
  - Confirmacións conxuntas
  - Primeiras comuñóns conxuntas
  - Festas parroquiais
  - Eucaristía do Domingo
  - Eucaristía durante a semana
  - Enterros
  - Bautizos
  - Vodas
  - Novenas
  - Celebracións do perdón
  - Visita a maiores e enfermos
  - Adoración Nocturna
  - CELEBRACIÓNS DA PALABRA

### D COMUNIDADE QUE VIVE A CARIDADE

- + Cáritas Interparroquial d'Os Cotos

## 3 RESPONSABLES DA UNIDADE PASTORAL E CAMBIOS NO EQUIPO

- + Párrocos
- + Diocese

## FAI DEZ ANOS (2003-2013)

Alá polo verán do ano 2003 os presbíteros Xosé Manuel Lence García e Gonzalo Domínguez Bargiela fomos convidados a por en marcha unha Unidade de Acción Pastoral nas parroquias que actualmente configuran a Unidade Pastoral d'Os Cotos. Quería ser unha experiencia piloto na Diocese, experiencia que foi urxida posteriormente polo Sínodo Diocesano (cf *Constitucións Sinodais*, en diante CS, nº 105). Non era un proxecto persoal de dous curas, que por outra parte a penas se coñecían, senón un proxecto e un mandato diocesano.

En outubro do 2003 nacía a Unidade Pastoral d'Os Cotos. Nacía como unha resposta á realidade eclesial do rural da nosa diocese, nacía como un intento de dar saída á vivencia da fe nas pequenas comunidades rurais onde o máis doado sería trasladar os centros da fe. Nacía como un outro xeito de facer parroquia. Nacía como resposta á necesidade de manter vivas as comunidades sen importar o tamaño. Nacía como camiño á falta de curas pra manter o estilo de atención parroquial mantido ata o día de hoxe. Nacía mesmo coma nome “Unidade Pastoral d'Os Cotos” porque o nome dálle identidade, porque o nome dinos que é algo novo que non ten que ver co que xa había, porque no nome todas as parroquias eran iguais, porque o nome vinculaba ás dez parroquias entre si, porque o nome facía que todas se chamaran iguais, porque o nome facía que todas as parroquias se sentiran parte de algo que ía máis alá dos seus lindes parroquiais.

Os fundamentos para a edificación da Unidade Pastoral serían os mesmos da mesma igrexa: vivenza da comunión, anuncio da Palabra, celebración da fe e servizo fraterno.

Tras entrevistas co vigairo de Pastoral e con don Xosé Diéguez, daquela bispo da Diocese, configurouse a “xeografía” da zona, as liñas de acción e o nombramento dos párrocos. Optouse pola figura de co-párrocos, porque non queríamos reducir o traballo a unha mera colaboración ou coordinación da actividade pastoral; tratábase, e trátase, de configurar unha zona como se fose unha única parroquia, unha comunidade de comunidades; entendíamos, e entendemos, que non podíamos exixir ás comunidades e aos axentes de pastoral unha implicación mais alá das súas parroquias se nós seguimos xogando cun senso patrimonial das comunidades (“as miñas parroquias/as

túas”). Tiña que ser unha aposta das comunidades, dos párrocos e da Diocese.

Nestes dez anos téñense dado pasos sinxelos.

O que segue é unha modesta avaliación para saber onde estamos e apuntaranse no remate algunhas pistas de onde retomar o traballo para os tempos que veñen.

## COMUNIDADE QUE VIVE A COMUÑÓN

En todo momento nós tiñamos claro que pra que a Unidade Pastoral d'Os Cotos fora realidade era imprescindible a implicación dos veciños, non podía ser cousa de dous curas e do xeito de se organizaren os dous curas, non podía ser simplemente un facer horarios pra nós poder chegar a todo, non podía ser sen os veciños. Isto que estaba tan claro tamén estaba escuro.

Estaba escuro porque, por exemplo, nunha parroquia viñan da experiencia de estaren castigados sen cura e non era doado plantexarlles esixencias porque viñan dunha experiencia dolorosa de se sentiren agraviados sen cura diante das outras parroquias.

Estaba escuro porque nas 10 parroquias había dous ritmos moi diferentes xa que en cinco estaba Lence que xa era coñecido pero nas outras cinco non éramos referente para nada.

Estaba escuro porque Lence xa levaba na zona uns anos traballando pero Gonzalo era novo nas parroquias e ás parroquias íalles custar ver que os dous éramos copárrocos, o máis doado era quedarse con que Lence ía seguir coas cinco parroquias que levaba, e Gonzalo ía pillar as outras cinco.

Estaba escuro porque o camiño das parroquias leváballes a pensar que Fornelos e Moscoso ías ser as grandes e o resto ían ser tratadas como inferiores.

Estaba escuro porque en cinco parroquias Lence coñecía á xente pero nas outras cinco éramos perfectos descoñecidos.

Estaba escuro porque as parroquias e os curas dos arredores non tiñan claro o que se quería facer.

Estaba escuro porque o máis doado era pensar que as parroquias ían saír perdendo.

Estaba escuro por todo isto e máis, e os veciños víano como camiño a ningures. E nós tiñamos como primeira tarefa facernos un sitio en cada comunidade pra que todas as comunidades se sentiran iguais.

Ademais había unhas cantas cousas que había que plantexar dende o primeiro momento, e sabíamos que eran cousas que non ían ser ben acollidas

de entrada. Son as pequenas migallas da laboura parroquial que co paso do tempo se ven con naturalidade pero que no primeiro día parecen unhas feridas sen curación posible. Estaba o asunto do número de curas nun enterro ou funeral, estaba o asunto do uso do galego en todas as celebracións, estaba o asunto dos aranceis, estaba o asunto de pasar a bandexa para recaudar, estaba o asunto das novenas, estaba o asunto dos cabodanos (primeiro, segundo, décimocuarto, ...), estaba o asunto das misas con intencións comunitarias, estaba o asunto das misas de semana, ... estaban un feixe de asuntos aos que había que dar resposta inmediata e coherente aínda que fixera algo de ferida.

Foron momentos de ir asentando as bases do que hoxe somos, pero foron momentos que xeraron moitas dúbidas, mesmo algunhas os veciños foron plantexarllas ao bispo sen nós sabéremos de nada. Era normal, “estes curas viñan acabarnos co que tiñamos”.

Pra favorecer todos estes interrogantes fomos tendo dúas asembleas anuais nas parroquias, unha a principio de curso e outra ao final. Ás veces estas asembleas eran en cada parroquia e noutros casos era unha asemblea conxunta pras dez parroquias. Foron ocasión de que os veciños falaran uns cos outros pra se daren conta de que os criterios eran comúns pra todos, e sempre insistiamos na importancia de facer estes encontros comunitarios.

## **DIOCESANEIDADE**

Esta experiencia foi marcada pola radical diocesaneidade, é a pastoral diocesana a que se desenvolve, son os criterios diocesanos os que se aplican. Serviu pra unha maior implicación na Diocese das parroquias, mais aínda por estar favorecido por este paso intermedio que evita o vértigo de pasar da pequena parroquia á Igrexa diocesana sen descompresión. O compromiso e implicación do Bispo e dos organismos diocesanos foi explícito e fundamental. Sempre foron convidados ás Asembleas os organismos diocesáns, e así participaron en repetidas ocasións os bispos, os vigairos de pastoral, o delegado de pastoral de saúde, de Caritas Diocesana, os responsables do sínodo diocesán, e é de suliñar e agradecer a presenza de Xoán Andión en moitos destes encontros.

Queremos facer mención especial da implicación do bispo. Foi fundamental pra poder entender o funcionamento da comunidade d’Os Cotos. Nalgunha ocasión se presentou nas parroquias pra compartir a eucaristía cos veciños e

contestar a todos os interrogantes que lle plantexaban (nestes casos os párrocos procurábase non estar pra non condicionar o diálogo). Ao bispo non lle quedou outra que falar do que se estaba a facer, e falou das celebracións da palabra, e falou do papel das mulleres nas parroquias, e falou de que as mulleres puideran dar a comunión aos veciños, e falou do galego na igrexa, e falou do número de curas nas celebracións, e falou de catequese, e falou de cartos e estipendios, e falou de canto os veciños necesitaron clarexar. Esta experiencia, pra nós, foi moi importante porque axudou a entender o que a Unidade Pastoral d'Os Cotos se quería que fora.

## **IDENTIDADE COMÚN**

Dende o inicio entendemos que a chave pra que a unidade pastoral sexa experiencia que perdure estará na capacidade de dotala de maiores márxenes de identidade; que a freguesía de cada parroquia se saiba coa mesma naturalidade membr@ da súa parroquia e da unidade pastoral.

Esixencia desta identidade foi explicar a todo o mundo en que consiste este invento, dotalo de rasgos propios que unificaron as parroquias (a lingua vehicular, nome, imaxe corporativa, convivencias d@s axentes de pastoral) foi necesario aumentar a comunicación con proxectos que de seu foran adoptados por toda a unidade (cáritas,...) e iniciativas comúns de encontro fraterno (convivencias, excursións, encontros, unha festa común,...) así como dotar a cada parroquia cuns elementos de convite ás outras.

Dende un primeiro momento apreciamos a necesidade de fomentar lazos comunitarios dentro da parroquia. Tendo en conta o obxectivo de chegar a ser unha comunidade de comunidades parece que o primeiro a favorecer é o ser comunidade. Vimos de parroquias nas que parece que o primeiro son as celebracións litúrxicas e sobretudo a eucaristía e pasamos a unhas parroquias nas que o primeiro ten que ser o ser comunidade. Así propuxémonos reforzar o sentido de comunidade de cada parroquia con actividades como organizar un magosto, ou unha sardiñada, ou facer algunha andaina á Franqueira ou no camiño de Santiago.

## **GRATUIDADE E COMUNIÓN DE BENS**

**Todos os servizos que se prestan dende a comunidade cristiá son gratuítos**, non se perciben estipendios nin se pasa a bandexa. Favorecemos

outros xeitos de colaboración no mantemento parroquial, xa sexa a través de cuotas, ou a través de aportacións no banco, ou a través de aportacións directas ao fondo parroquial. As únicas celebracións que reportan ingresos económicos serán os enterros e funerais, percibirá a parroquia a cantidade que por normativa as funerarias teñen que aportar. As cantidades son ingresadas nos fondos parroquiais. Se a persoa non tiña seguro de deceso non se cobrará nada e así se lle fará saber aos familiares.

Dende un primeiro momento se sabía que esta Unidade Pastoral d'Os Cotos ía ter uns gastos que habería que compartir. E non podía ser igual en todas as parroquias pois hai grandes diferenzas entre elas. Facer un fondo común foi unha necesidade, e elaborar uns criterios xustos na cantidade a aportar tivo que ser algo que só plantexáramos os párrocos (só había consello parroquial nalgunhas parroquias, e non había ao principio un sentido de comunidade e de gastos comúns). Con estas aportacións sufráganse os gastos relacionados coa festa da vixilia pascual (máis ou menos uns 1500 euros), os gastos da publicación da folla parroquial (máis ou menos 900 euros), os gastos de materiais de catequese incluída a excursión, os gastos das celebracións litúrxicas, os gastos da casa, gasoil, luz, seguro, teléfono. Tamén nos parecía importante que houbera unha asignación aos párrocos, e asígnase 600 euros anuais a cada un para o sostenemento dos seus pobres corpos mortais.

Cada ano estas contas son publicadas na folla parroquial pra coñecemento de toda a comunidade d'Os Cotos e unha vez que aquí son aprobadas entregámolas na diocese pra que haxa constancia.

En cada parroquia hai unha contabilidade estrita dos ingresos e dos gastos que se encarga un dos párrocos de actualizar mensualmente. Nalgunha das parroquias hai consello e son eles os que se encargan de levar as contas actualizadas. Estas contas fanse públicas en cada parroquia ao final do ano.

As contas son presentadas e aprobadas na diocese. Cada parroquia fai ao fondo común diocesano a súa aportación correspondente do 15% dos ingresos.



## **A FOLLA PARROQUIAL D'OS COTOS**

Outra realidade que compartimos é a folla parroquial d'Os Cotos (CS 22). O traballo é compartido entre os párrocos e algúns veciños. Facemos 550 copias, que grazas a un grupo de voluntariado, chegan a todas as casas. Esta folla parroquial sérvenos pra ir dando opinión sobre temas que nos afectan a toda a comunidade, e así transmitimos criterios comúns pra todos. Nela ofrécese: horarios de celebracións, pequenas “píldoras” de formación cristiá, reflexións, as lecturas dominicais; en algunhas ocasións ofrecemos suplementos, como unha colección de salmos, presentados pra oración.

## **A “FESTA PATRONAL” D'OS COTOS**

Cando botamos a andar a comunidade d'Os Cotos buscábamnos facer comunidade de comunidades e iso implica unir vida e fe nun mesmo camiño. Querendo medrar así demos comezo aos encontros de todas as parroquias o día 15 de agosto. Un festivo no que só temos eucaristía comunitaria pra todos na Chan da Cavada en Ventín, unha zoa que os veciños teñen habilitada no monte común con mesas, churrasqueiras e baño. Convocamos aos veciños a unha eucaristía de agradecemento e a compartir o xantar que cada un leva. Reunímonos de todas as parroquias arredor de 250 persoas e facemos que sexa unha xornada festiva importante pra eles e importante pra nós, os párrocos. Nós compartimos un camiño con futuro e cada ano facemos un xesto simbólico: unha persoa de cada parroquia trae un saco con unha pouca terra, xuntámola e con ela plantamos uns castiñeiros e unhas nogueiras na esperanza de que algún día dean froito. Son os froitos que a comunidade d'Os Cotos está sementando.

Por razóns de ser unha xuntanza no verán é tamén unha festa na que comparten dun xeito especial os máis pequenos das parroquias. Foi na primeira destas festas onde se fixo o que hoxe consideramos bandeira desta comunidade, e foi feito por nenos e non tan nenos. Así mesmo cada ano imos engadindo fotos do ano anterior e xa temos unha pequena historia que xuntos imos facendo viva.

Nesta xuntanza tamén facemos un sitio pra cáritas no esforzo de ir facendo pequenas cousas nas que todos poidan participar, e por iso se pretende que sexa unha oportunidade pra que as persoas maiores poidan xuntarse e lembraren experiencias parecidas doutros tempos

## **CELEBRACIÓNS CONXUNTAS**

Aos poucos vaise abrindo paso a celebracións en conxunto entre distintas parroquias, así : confirmacións e primeiras comunións, véñense celebrando, por iniciativa dos propios mozos ou dos pais e nais en celebracións que congregan xentes de distintas parroquias.

## **CAMIÑO DE SANTIAGO E DA FRANQUEIRA**

En distintas ocasións temos feito os camiños de Santiago e da Franqueira con xentes das distintas parroquias con resultados moi positivos en canto a participación e crecemento nos lazos de afectos e no tecido comunitario de toda a Unidade.

# COMUNIDADE QUE ANUNCIA A PALABRA

## Catequese

A catequese en cada comunidade é inviable e sería empobrecedora, polo que se decidiu por ter catequese durante a semana, durante o fin de semana, e en varios lugares.

Dado que a maioría dos nenos vai ao colexio de Fornelos o máis lóxico foi plantexar a catequese durante a semana ao rematar a escola (isto favorecía que os pais non tiveran que vir traer os nenos). O xoves foi o día que se estableceu de xeito que a propia escola o tivo en conta á hora de plantexar as súas actividades, non porque nós o impuxéramos senón pola propia necesidade de organizarse. Con isto a catequese ten o ritmo da escola (vai servir de moito esta vinculación pois vimos duns hábitos de catequese pra sacramentos e pasamos a unha catequese continuada).

Tendo en conta que moitas familias só están no fin de semana houbo que buscar outros momentos de catequese pra dar resposta a esa realidade. Dar esta facilidade de horario traía o atranco dos traslados. Con todo nalgún caso houbo un servizo de traslado pra quen o precisara e entre os curas e algún voluntario levábase e traíase a quen fixera falla pois non queríamos que esa fora a excusa pra non vir. Na actualidade isto está resolto e non hai que trasladar a ninguén, pois os propios pais se organizaron pouco a pouco. Esta necesidade de que os pais se organizaran favoreceu mesmo pra que apareceran catequistas, (CS9) xa que se tiñan que vir traer ou buscar os fillos daban unha man. As oito persoas que están dando catequese fano porque no seu día tiveron a circunstancia de ter que traer ou recoller aos cativos.

Na actualidade temos catequese en Fornelos os xoves ás 4, en Verducido os venres ás 5´30 e en Moscoso ás 4.

Por outra parte a **catequese de mozos** organizouse doutro xeito. Actualmente hai un grupo os venres ás 6´30 e outro o sábado ás 4, e pareceunos que así damos opción para os mozos que viven aquí e pra os que veñen de fin de semana. Nestes casos non é posible dividir por idades xa que non hai moitos mozos (este curso son un total de 15 mozos). O encontro con Cristo no proceso de catequese enfronta aos mozos a reflexións que levan a

experiencias tan gozosas como que na actualidade temos a alguén no seminario menor ou maior (CS 20)

Relacionado coa catequese temos a actividade **da excursión que facemos ao final de cada curso**. É unha boa ocasión de encontro entre nenos e catequistas dos distintos lugares nos que temos catequese. Non van os pais, van só nenos e catequistas.

Aínda que o **material que se emprega** é o ofrecido pola delegación de catequese vímonos na obriga de reformulado con fotocopias de xeito que os libros comprados se poidan empregar en moitos anos. Pouco a pouco fomos facéndonos con libros suficientes pra ter catequese axeitada a cada idade e cada curso, o que se lles dá específico son unha fichas fotocopiadas a partir dos libros, o que supón gasto cero pra os pais e supuxo ir comprando libros durante catro cursos ata ter toda a colección. Igualmente se foi facendo un material de traballo pra cada catequista, e mesmo algunha catequista fixo as súas propias fichas de traballo.

Ter catequese continua máis alá da primeira comunión e confirmación, ter catequistas colaboradores, ter materiais axeitados asumindo os gastos o fondo común d'Os Cotos, foron obxectivos acadados, pero queríamos que a catequese fora moito máis, e o sínodo diocesán serviunos de escusa perfecta. Dende a experiencia de grupos bíblicos previa á creación da unidade pastoral e co pulo da experiencia sinodal creáronse once grupos sinodais nos que chegaron a participar até 150 persoas.

Partindo de esa experiencia démoslle continuidade con **grupos de reflexión bíblica e de oración na comunidade adulta** (CS 8. 76) en reunións semanais. Foron xuntanzas que serviron de moito pra clarexar e dar pulos á Unidade Pastoral d'Os Cotos. Tíñamos unha xuntanza comunitaria de inauguración e clausura de cada curso, e logo ao longo do ano fomos traballando, ben, libros bíblicos coa metodoloxía da lectio divina, (Marcos, Xoán, Feitos) ben, un recorrido con textos escollidos do AT, ben, temas concretos que demandaban os propios grupos (Eucaristía, sacramentos, o Credo). Foi de certo unha experiencia de graza que nunca baixou do centenar de participantes; os maiores atrancos foron os horarios, que multiplicou o quefacer dos párrocos até límites esgotadores e a carencia duns materiais axeitados.

Estas xuntanzas estiveron acompañadas de gastronomía local, e aínda que pareza unha broma, foi importante pra compartir, pra ver que ser igrexa non é so celebracións litúrxicas, e serviu pra amosar a xenerosidade da xente. Cada parroquia pasou por ser a que acolleu os encontros de inauguración ou clausura das xuntanzas de adultos, e foron auténticas merendas, nas que mesmo tivemos que por algo de cordura.

Neste apartado de catequese de adultos podemos considerar as **catequese prebautismais** que temos con pais e padriños, e podemos contar tamén as reunións que temos con motivo das celebracións **matrimoniais**.

### **OUTRAS PLATAFORMAS DE EVANXELIZACIÓN**

Na Unidade Pastoral existen tradicións de formas de vivenza relixiosa que se reciclaron pra o anuncio da Palabra. Son: as **novenas**, que convocan un importante número de fieis, existen experiencias de catequese sobor dalgún tema concreto ao longo dos nove días con resultados interesantes; existe en Fornelos un grupo da **Adoración Nocturna** que convoca un importante número de homes cada mes, e onde teñen un espazo ordenado á formación, foi este un grupo crecente en número e onde foron collendo homes de outras parroquias. As **homilías** e os textos de monicións son espazos evanxelizadores que foron coordinados de xeito sistemático.

## COMUNIDADE QUE CELEBRA A FE

Este é un apartado importante, pois era evidente que se podía marcar unha maneira diferente de celebrar a fe. Unha primeira dimensión pasaba por ter celebracións cercanas á xente e comprensibles adaptándoas ás circunstancias propias da celebración. Unha segunda dimensión pasaba por buscar unha maior participación da xente. Unha terceira dimensión pasaba por ter celebracións propias pra cada domingo.

Adoptáronse dende o principio unha serie de **criterios comúns**:

**1 Todas e cada unha das parroquias terán celebración dominical**, xa sexa en sábado ou en domingo, e alomenos unha vez ao mes a celebración de domingo será celebración da palabra.

**2 Durante a semana as parroquias que o precisen terán unha celebración eucarística**

**3 En todas as parroquias se manteñen os ritmos das festas**, e aquí debemos ter máis de 25. Nestes casos festivos os horarios adáptanse ás circunstancias, pero **cada parroquia elixe que novena quere** ter con misa diaria. Cada parroquia só vai ter unha novena con misa.

**4 As novenas que se teñan a máis en cada parroquia serán celebracións da palabra**, e mesmo se prepara un material axeitado pra que a celebración sexa máis participativa.

**5 Nas celebracións vai haber un único cura**, tanto nas festas, coma nos enterros e funerais. En ningún caso as funerarias imporán outras costumes. En todo caso se a familia o desexa pode haber alguén que dinamice a música.

**6 Seguindo os criterios diocesáns (CS 39) e tendo en conta a linguaxe na que a xente se comunica teranse as celebracións ordinariamente en galego.**

**7 O que se lle chama aquí a misa de saída** terase na celebración eucarística dominical a seguir do día do enterro, e cando falece alguén e é enterrado fora da parroquia, non se lle terá máis que a misa de saída.

**9 As vodas** serán con misa ou sen misa en función da vivencia parroquial dos noivos e en función das celebracións que teña o párroco, que en ningún caso terá máis de tres eucaristías dominicais.

**10 Os bautizos** teranse en función do calendario litúrxico, e a celebración será con ou sen misa en función do criterio de párroco, e será na celebración da parroquia.

**11 As celebracións de nadal** teñen un ritmo propio, e dado que son tres celebracións (nadal, aninovo, reis) organízase de xeito que todas as parroquias teñan dúas desas celebracións e nunha delas terán celebración da palabra ou celebración na véspera.

## **REPASO DE CELEBRACIÓNS**

### **A vixilia pascual**

Merece unha atención especial e poida que sexa unha das mellores actividades. Conseguir ter unha única celebración pra todo Os Cotos é un verdadeiro logro. Hoxe é unha verdadeira celebración compartida polas dez parroquias tanto á hora de organizarse, como á hora de ofrecer materiais necesarios, como á hora de participar na celebración eucarística.

Trátase dunha celebración na que hai máis de 500 persoas e que só podemos facer no pavillón municipal pois en ningún outro lado collemos. Con mais de cincuenta persoas realizando algún servizo na celebración, é a celebración compartida por excelencia na que non escatimamos esforzos: Os gastos son asumidos polo fondo común d'Os Cotos, e nunca se gastan menos de 2.000 euros posto que hai autobús pra recoller e levar aos veciños ás parroquias, hai un grupo de gaiteros, hai rosca e chocolate, hai unha megafonía axeitada, hai foguetes de luces, pero... con diferenza o máis importante é o ambiente no que todo mundo participa dende a reunión que temos un mes antes pra organizarnos, ata o día en que todo queda recollido, pasando polas viaxes que facemos a algunha parroquia pra recoller as mesas e as sillas que nos prestan, ...

### **As confirmacións conxuntas**

Estas celebracións, sendo ben pouco comúns nas parroquias, quixemos que foran tamén, non só nas catequeses, senón tamén na propia celebración, unha oportunidade de xuntanza das parroquias. Así fomos tendo as

celebracións nun recorrido polas igrexas máis grandes en capacidade, polo que tivemos confirmacións en Verducido, Fornelos, Traspuelas, Calvos. Pareceu que era un xeito válido pra implicar no camiño de facer igrexa. Son celebracións importantes pra os mozos e son importantes pra parroquia na que tiveron lugar, pois as xentes das outras parroquias tiveron que desplazarse e eles tiveron que facer de anfitrións. Especialmente significativo puido ser a xuntanza en Verducido por termos en contan que poucos tempos atrás se sentían unha comunidade “castigada” e foi o bispo agora a ter alí as confirmacións dos deles e dos das outras parroquias.

Neste camiño das confirmacións tivemos tamén unhas de adultos. Foi toda unha experiencia de encontro pois durante máis de un ano fomos véndonos unha xornada de sábado ao mes e fomos facendo xuntos un camiño de reflexión sobre a fe e a igrexa. Eran xentes de idades entre os vintetantos e os corentaetantos, había solteiros e había casados. A xornada incluía ir facendo un recorrido por distintos lugares da diocese e alí pasábamos todo o día incluíndo o xantar. Ao final confirmáronse algo máis de trinta persoas, e pasamos por Trasmañó, por Canedo, polo seminario maior, por unha casa que teñen os dominicos en Vilán, ...

### **As primeiras comuñóns comunitarias**

Os camiños van deixando pegada e a vida vai dando sorpresas. No ano 2012 uns pais que entre sí non tiñan excesivo trato deron pe a unha iniciativa, parecíalles que podía ser axeitado ter as comuñóns conxuntas. Nós, os párrocos, non o tiñamos tan claro pois ten bastante peso o costume de que se teñan na propia parroquia, pero non íamos ser nós os que lle déramos pra atrás.

Eles mesmos decidiron en que igrexa ía ser, e con apenas atrancos de datas todo o organizaron e todo saíu ben, tanto que nos anos seguintes, de novo por decisión de moitos pais, voltamos a repetir a experiencia. E con menos dificultades. Cremos que é algo que xa se está vendo con naturalidade, prepáranse xuntos, celébranse xuntos, e tanto que mesmo está xurdindo a idea de que algunhas familias se xunten e fagan o “banquete-festa” xuntos. Isto ven dicirnos que a comunidade d’Os Cotos empeza a ter entidade propia.



## **As festas**

Un tema importante en calquera parroquia é o tema das festas, e máis cando na Unidade Pastoral d'Os Cotos vimos tendo así como unhas trinta, concentradas boa parte delas no verán, e moitas delas inclúen novenas polo que nestes días de verán houbo que organizarse ben pra non pisar datas.

Dende o principio o criterio foi respectar todas as festas que había, e cada parroquia elixiu a novena que ía ter con eucaristía, pois as outras ían ser celebracións da palabra. Ao principio non foi doado, pero hoxe xa temos un calendario base que nos permite organizarnos con certa tranquilidade.

As festas tamén necesitaron clarificar algunhas pequiñas cousas como aportacións pras comisións de festas, tamén houbo que clarificar que non son celebracións privadas senón que son parroquiais e había algunha costume de privatizalas. Non se podía aceptar que alguén pagara pensando que así ía ser súa a festa.

## **Eucaristía dominical**

Se queríamos que a xente participara era necesario preparar as celebracións buscando canles de participación. Aproveitando materiais litúrxicos fomos dando forma aos xeitos de participar. Hoxe en cada eucaristía hai alguén que fai as peticións de perdón, hai alguén que fai a lectura, hai alguén que nos fai o credo, hai alguén que fai as pregarias. En moitas ocasións hai tamén alguén que dá a comunión, e hai un grupo de rapaces que acompaña a música con guitarras. (CS 40)

Unha celebración ben preparada é fundamental, sobretodo nas do domingo. Non deixarse encher de rutinas celebrativas non é doado. Procuramos que nas celebracións do domingo sempre haxa algo específico da parroquia e algunha referencia a Os Cotos e á vida real do noso mundo.

Editamos cada domingo un folleto con monicións, pregarias, reflexións que se usan tanto na celebración da Eucaristía, como nas celebracións da Palabra; isto axudou a dar unidade de criterio ás celebracións e continuidade á oración e reflexión.

Editamos, asemade, un folleto do “domingo do enfermo”, que co texto evanxélico do domingo e unhas brevísimas pregarias facilitan ás familias a celebración do domingo cos enfermos e maiores.

## **Eucaristía de semana**

Ademais da eucaristía dominical procuramos ter eucaristía un día de semana en cada parroquia, servíndonos pra dar resposta á necesidade de facer memoria das persoas xa falecidas. Estas celebracións son sempre con intencións comunitarias.

## **Enterros**

Tamén son importantes as celebracións relacionadas cos falecementos. Facemos unha visita ao lugar onde se vela á persoa (maiormente nos tanatorios pero tamén nas casas), temos a celebración da eucaristía na igrexa, e temos o domingo seguinte ao falecemento memoria desa persoa na misa da parroquia.

## **Bautizos**

Os bautizos son celebracións nas que se procura unha axeitada participación dos pais e dos parentes. Temos varias reunións nas que plantexamos o significado do bautismo e a catequese dos símbolos sacramentais. En moitos casos a celebración témola ao marxe da eucaristía dominical pois en moitos casos se trata de familias con pouca implicación parroquial, e en ocasións téñense en horarios nos que se fai difícil que estea toda a parroquia.

## **Vodas**

Isto mesmo nos sucede coas vodas, e seguimos un traballo parecido ao que temos cos bautizos (CS3-6). Hoxe por hoxe moitas destas celebracións son sen eucaristía.

## **Novenas**

Outras celebracións importantes son as relacionadas coas novenas. Fixemos todo un traballo de reformulación de moitos textos pois consideramos que a linguaxe e a relixiosidade que transmitían non eran as máis axeitadas. Empezamos preparando aquelas nas que tiñamos eucaristía. Foron refacéndose buscando que a xente non só estivera escoitando senón que tamén participara. Isto xa o estamos a facer coas novenas nas que están só os veciños, e son eles mesmos os que nos piden que lle preparemos a novena pra que lles sexa máis fácil.

## **Celebracións do perdón e visita a enfermos**

As celebracións individuais do perdón e as celebracións da visita a enfermos é na maiorías dos casos resposta a cada realidade concreta. Outra cousa é a celebración do perdón extraordinaria que temos en cada parroquianos días previos a pascua. É a única celebración na que estamos os dous párrocos pra poder facilitar a todos o encontro individual co sacerdote, pero que ten un ritmo comunitario de encontro, reflexión e oración.

## **Adoración nocturna**

Temos tamén un grupo de adoración nocturna que se reúne o último venres de mes, e participan persoas de distintas parroquias (CS 55)

## **Celebracións da Palabra**

Dar resposta a ter celebración dominical en todas as parroquias pasaba por ter celebracións sen cura, cousa aínda non plantexada na nosa diocese daquela, e aínda non plantexada hoxe. Despois de darlle voltas había como dous camiños, un pasaba por traer xente de fora pra ter a celebración, o outro pasaba por atopar nas parroquias veciños que puideran facer esa laboura. As dúas opcións tiñan avantaxas e atrancos, pero nós decantámonos pola opción de facelo con veciños de aquí e non con xente de fora, pois parecíanos que así tería maior e mellor continuidade. O custoso era atopar as persoas axeitadas e formadas, asemade o camiño que eliximos tiña que ser pra todas as parroquias. Hoxe non nos arrepentimos desta decisión.

Son case na totalidade mulleres (CS 99), e a todas lle custou e lles custou aos veciños aceptar a esas persoas desempeñando esa laboura. Nalgunha parroquia son un grupiño de persoas.

Hoxe por hoxe está aceptada a súa presenza. E mesmo serve pra unha maior implicación dos veciños. Superados os medos organízanse e repártense os quefaceres da celebración, pero se está o cura parece que el o ten que facer todo e por iso non hai tanta voluntariedade.

Con todo non facemos milagres, pero facilitar as cousas serve pra que mesmo algunha persoa vaia á eucaristía na parroquia de o lado, e logo participa na celebración da palabra da súa parroquia. Son comunidades nas que o peso do domingo segue sendo moi grande e será un sacrilexio se por non estar o cura se perde este encontro comunitario dominical.

Na actualidade este formato de celebracións estendeuse a moitos dos encontros de oración que teñen os veciños a propósito das novenas. Pensaban que se ían perder celebracións e hoxe decátanse de que gañaron celebracións e participación.

Neste camiño unha das maiores dificultades veu polo feito de que algunha muller da parroquia dera a comunión, e de feito nalgunha das parroquias tardaron algún tempo en animarse a repartir a comunión nas celebracións da palabra. Hoxe faise en todas.

Ter un criterio común sen facer diferenzas nas parroquias foi fundamental, sobretudo naquelas parroquias que pensaban que eran máis que as outras.

## COMUNIDADE QUE VIVE A CARIDADE

A caridade foi outra das realidades que a creación da Unidade Pastoral permitiu facer de xeito estrutural e organizado (CS 119.121.135), só podíamos desempeñar se a facíamos con todos e pra todos. Acompañados por persoas responsables de cáritas de diocese de Tui-Vigo estiveron formándose un grupo de persoas das parroquias pra desempeñar aquí a caridade. Despois de tres anos de formación botamos a andar. Hoxe somos “Cáritas interparroquial d’Os Cotos”, 12 voluntarias de seis parroquias.

O primeiro traballo do grupo foi coñecer a realidade da zoa na que estamos. Este traballo levounos a concluír que un campo fundamental é a atención ás persoas maiores. A realidade aquí pra cáritas pasa por dar resposta ás persoas maiores. Non se trata polo tanto de facer cáritas só dando unha bolsa de alimentos e roupa, aquí hai moito máis a facer coas persoas maiores.

Que facemos?:

- Temos atención directa nun local parroquial, acollendo e atendendo ás persoas que acudan. As voluntarias están os xoves pola mañá, e durante máis de un ano estiveron acompañadas por unha traballadora social de cáritas diocesá. Ao principio resultaba difícil pras voluntarias e resultaba difícil pra xente que necesitaba acudir a cáritas. O feito de que todos nos coñezamos fai ás veces difícil a atención. É moi importante a labor de asesoramento que facemos coa xente pois en moitos casos a axuda non vai ser económica e si vai ser administrativa tanto co concello como con outras institucións. Non daremos axuda pero sí que axudamos a ver a que teñen dereito esas persoas que acoden a cáritas.
- En nadal organízase, coa colaboración dos voluntarios en cada parroquia, unha visita a todas as persoas maiores que xa non poden participar da vida da igrexa (CS 140). Nesa visita levámoslle ao neno Xesús pra bicalo, levámoslle unha postal de nadal e cantamos algunha panxoliña. É un encontro familiar que tamén axudou a romper o vello costume de que o cura só ía a onda un enfermo pra “porlle a extremaunción”.
- Outra visita semellante facémola nos días da pascua. Nesta ocasión levamos ás casas a luz e a auga da pascua. En total facemos máis de trinta visitas.

- Tamén en nadal organízase un concerto coa banda de gaitas de Fornelos de Montes (unha das mellores de Galiza con recoñecementos oficiais). Un concerto que temos na igrexa parroquial de Fornelos e que todo o recaudado é entregado pra cáritas supoñendo máis de mil euros en cada concerto. Cada ano a igrexa énchese pra música, pra tradición popular, pra colaborar con cáritas.
- Outra das actividades de cáritas ten que ver coa organización da xuntanza do 15 de agosto e a festa d'Os Cotos.
- Unha vez por ano en cada parroquia o grupo de cáritas ten unha asemblea na que informa do que foron as actividades ao longo do ano, e dá resposta a todo o que preocupa aos veciños.
- Hoxe participábase dos acontecementos diocesáns de cáritas, e estase mantendo tamén algunha xuntanza co grupo de cáritas de Arcade e co de Redondela.
- Outra das actividades deste grupo de cáritas ten que ver coa colaboración coa comunidade de Kasempa e Kamakechi, coa que levamos uns cantos anos colaborando e dende Os Cotos temos aportado máis de 8.500 euros.
- Tamén cáritas apoiou actividades puntuais e aportamos mais de 8.000 euros pra Haití, pra Pakistán, ou pra repatriación do cadaver de Awa Cissé, etc

# RESPONSABLES DA UNIDADE PASTORAL E CAMBIOS NO EQUIPO

## Cambio na equipa de párrocos

Afrontar cambios no equipo responsable da Unidade Pastoral é un momento delicado; sempre foi a nosa intención que o relevo dos párrocos se fixese de xeito escalonado, en cremalleira. A razón é non facer pasar ás parroquias por cambios bruscos, mais cando como na nosa realidade téñense implicado como axentes de pastoral, nos distintos voluntariados (Catequese, celebracións, caritas, consellos parroquiais,...) mais dun centenar de persoas. Entendemos que resultaría gravosísimo e frustrante calquera cambio que puxera en risco o avanzado.

## Na diocese xa somos

Se un busca no nomenclator da diocese de Tui-Vigo non imos atopar a máis pequena das referencias a esta área ata o ano 2013. Dez anos despois de botar a andar constituíuse oficialmente a Unidade Pastoral d'Os Cotos, o que dalgún xeito nos di que isto aínda non é crible.

Cremos que segue a ser a realidade d'Os Cotos unha realidade descoñecida a nivel diocesán. Aínda que o día 24 de nadal do ano 2013, e por insistencia ou terquedad dos curas, aprobouse o Decreto da Creación da Unidade Pastoral d'Os Cotos, oficialmente xa existimos, realmente aínda non.

Son detalles sen importancia pero ao final expresan o que expresan.

Empezamos no 2003, oficialmente existimos dende o 24 de nadal do 2013, e damos grazas polos camiños andados, polos atrancos superados, polos medos perdidos, e pedimos perdón polos erros cometidos, polas explicacións non dadas, polos esquecementos e polos soños aínda non acadados.

Somos a Comunidade d'Os Cotos, non estamos nos mapas, estamos no corazón e nas mans dos homes e mulleres que seguen crendo na Igrexa de Xesús.